


os días de afra torrado mes primeiro



os días de afra torrado: mes primeiro

1ª edición: abril de 2020

Non sei que interese pode ter, pero podeades difundir estas movidas citándome e tal.

os días
de afra torrado

mes primeiro

19 de marzo de 2020



papá pon leitugas. eu preparo unha ensalada. son días raros. hoxe fun capaz de escoitar música. a cuarentena non é o malo, o malo é ser así habitualmente, pero si que son días raros. pregúntome que pensaría a xente que marchou antes, como o pasaría a xente que marchou antes. todo está algo estático, pero o medo a que todo cambie sen poder facer nada está aí.

vou volver poñer en práctica o modo adolescencia: veráns sen saír da casa inventando e escribindo historias sobre zombis. hai bochorno, así que é algo parecido. vou escoitar o *The Black Parade* en bucle. non podo tinguir o pelo de vermello. a falta de rapar a cabeza, estou facendo exercicio. quen me vai ler cando xa non escriba?

23 de marzo de 2020



non sei que día de cuarentena. vivo en domingo. uso máis as redes sociais e non fago nada do que teño que facer. a ver se me poño hoxe á tarde, penso (como todos os días). escribo unha carta de amor, escanéoa e mándoa por e-mail. levo dous días sen facer exercicio porque a regra venme pesada (e deprimente), pero teño as pernas durísimas. cando remate a cuarentena, vou levar caixas de leite colgadas das orellas. escoito *A vitoria*.

26 de marzo de 2020



ispome e véxome rara. recoñecerasme cando me volvas ver? hoxe escoitaba El Kanka e pensei nos primeiros bicos. e ti dixeches “tirados na horta”. “pásasme unha foto da polaroid así pola fiestra que se vexa o verde?” e pásasme esta, tiradiños na horta. quería escribir algo pero agora o único que quero é o que vaíamos ao Orly tomar unhas boas milanesas, bailar con *Eu que chorei con ghost* e intercambiar nos as camisas. que te achegues á túa estantería e escollas algo que sabes que me vai gustar. e rever *The Room* comendo uns sandwiches riquísimos. como te boto de menos, monito!

1 de abril de 2020



algúns días estou algo ben. outros quero tirarme pola fiestra. non podo porque me poden multar e non están os tempos para andar a tirar os cartos. cada día odio máis aos ricos pero oxalá estar queixándome na tele por ser unha pequena propietaria con sete pisos en aluguer. meus pobres. o meu humor é unha montaña rusa e empezo a crer que non é só a regra. que hostia vou subir nesta cuarentena? selfis, digo eu... aquí ninguén se deixa tirar fotos...

9 de abril de 2020



felices e raros 23, monito. imos brindar con sidriña e cervexa.

11 de abril de 2020



Mientras a los dos nos manaba sangre de los agujeros que teníamos en las manos y en los pies, y mirábamos como nuestra sangre se derramaba sobre la arena bajo el sol tórrido, Rant dijo:

-Así-dijo-, por lo que a mi respecta, es como debería sentirse uno en la iglesia.

Rant: la vida de un asesino
CHUCK PALAHNIUK

14 de abril de 2020



onte rompín e non atopei na música de Instagram o *Estoy roto* de Guadalupe Plata. como vou expresar os meus sentimentos se non hai alguén que o faga por min? penso nas boas cousas ou nas malas. non podo pensar en todo á vez: o meu cerebro estase facendo (aínda máis) pequeno.

hoxe soñei que asasinaba a un home só porque me caía mal. móléstame pensar que vou ter MOITO tempo para facer un cómic a partir dese soño. un fanzine tamén, pero a partir deste.

*nada especial, sabedes? por facer algo. un pouco
como chenoa en chándal.*

afra torrado.

